

Bo día.

Son Laura Rey, arquitecta. Actualmente dende o estudio realizamos un traballo sobre o Concello de Fene, concretamente un xogo de mesa, vinculado a devandito territorio dende o punto de vista da arquitectura e o urbanismo. Póño-me en contacto con vostedes para solicitar a súa colaboración, igual que nos puxemos en contacto con outros centros escolares, asociacións, o arquivo de Fene, Exponav, fotógrafos, particulares,...etc, xa que calquera persoa ou entidade, pública ou privada, con interese no tema, que queira aportar pode facelo.

Se ben xa dispoñemos de material para realizalo, consideramos importante a participación, xa que somos os principais protagonistas da evolución do territorio, podendo aportar un valor engadido a devandito xogo.

Quen queira colaborar pode aportar ao menos unha imaxe, dunha actuación realizada polo ser humano no ámbito da arquitectura e o urbanismo, no pasado e outra no presente. A edificación ou espazo escollido non ten que estar catalogado ou ter valor histórico recoñecido. Deberase indicar a procedencia da foto e se fose posible o ano. Ademais quen o considere oportuno pode aportar un breve comentario indicando o motivo da selección das imaxes que aporta.

Ex: Foto antiga dunha edificación o espazo público e foto actual, se fose posible dende a mesma perspectiva, do mesmo lugar coas actuacións sufridas (en ruínas, parcela baleira, cambio de uso, reforma,...). Se se quere, na foto actual pode aparecer o alumno/a, mestre/a, familia...

Coa documentación obtida farase unha exposición no centro escolar e/ou unha actividade proposta en colaboración co centro.

En canto ao xogo, non será posible incluír todas as imaxes aportadas polas distintas entidades. Levarase a cabo unha selección das mesmas, informando as entidades participantes no caso de seren seleccionadas. Por cuestións de dereito intelectual, de imaxe e autor facilitarase pola nosa parte un escrito de cesión que deberá ser firmado.

No caso de colaborar a documentación debe ser enviada a [fene.laurarey@gmail.com](mailto:fene.laurarey@gmail.com). Se non fose posible facer o envío por correo falarase co profesorado para proporcionarlles outra alternativa.

Con calquera dúbida ou aclaración estamos a súa disposición.

Grazas. Un saúdo.

Fene, a 7 de outubro de 2024

Laura María Rey Rico  
Arquitecta. Colg.5147